

INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DOS CAMBIOS DE QUENDA 22/23

(DO 17 AO 21 DE SETEMBRO DE 2022, AMBOS INCLUÍDOS)

1. Só se admitirán a trámite as solicitudes debidamente fundamentadas. **Non** se admitirá ningunha solicitude de xeito presencial nin por correo electrónico. A petición deberá facerse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/private/registry-new/22615858>), entre os días 17 e 21 de setembro (ambos incluídos)
2. As solicitudes non admitidas a trámite terán unha resolución denegatoria.
3. Para que unha solicitude poida ser admitida a trámite, deberase aportar a documentación que se relaciona de seguido, segundo os seguintes casos:
 - a. Motivos laborais:
 - i. Contrato de traballo. Só se admitirán os anteriores ao 2 de xullo do ano en curso ou os que, aínda sendo posteriores a esa data, sexan continuación dos de anos anteriores.
 - ii. Certificado da empresa onde figure o horario.
 - iii. Certificado de vida laboral expedido polo organismo competente da Seguridade Social.
 - b. Dificultades no transporte:
 - i. Certificado de empadramento.
 - ii. Xustificante da empresa de trasportes onde se indique o horario.
 - c. Enfermidade/Rehabilitación:
 - i. Xustificante médico onde se indique a enfermidade, tratamento a seguir, horario do tratamento e onde conste que non hai outra quenda de horarios.
 - d. Responsabilidades familiares/persoais: Coidado dun familiar.
 - i. Copia dos contratos dos pais, que demostren que non poden atender ao familiar en cuestión.
 - ii. Certificado do médico do familiar onde se indique que precisa de coidados especiais.
 - iii. Certificado de empadramento do familiar en cuestión no domicilio ao que pertenza o membro do alumnado.
 - e. Deporte:
 - i. Contrato deportivo que o relacione laboralmente co clube/equipo (asimilable a motivos laborais).
 - ii. Certificado do clube onde se indique o horario de adestramentos.
 - f. Estudos:
 - i. Propios: dentro da mesma ou dotura carreira desta Universidade.
 1. Extracto expediente onde figuren os cursos nos que o alumno estea matriculado.

2. Copia da matrícula do outro centro.
 3. Certificado no que se indique o horario, e no que conste que non hai máis quendas ca esa.
 - g. Outros:
 - i. A valorar polo Decanato.
4. Unha vez admitidas a trámite as solicitudes, **e sempre que as circunstancias da carga dos grupos o permita**, as solicitudes concederanse seguindo a seguinte orde de preferencia:
- 1º. Motivos laborais – Transporte.
 - 2º. Enfermidade/Rehabilitación/Coidado dun familiar.
 - 3º. Estudos propios.
 - 4º. Deporte.
 - 5º. Estudos alleos.
 - 6º. Outros.
5. Prazo de solicitudes:
DENDE O 17 AO 21 DE SETEMBRO (ambos incluídos)
6. Unha vez concedido o cambio de quenda:
- a. Non se poderá rexeitar/anular.
 - b. O grupo asignado polo Decanato no cambio de quenda É VINCULANTE, NON SE PODERÁ SOLICITAR O CAMBIO A OUTRO GRUPO.
7. Mentres non haxa resolución á solicitude o alumnado deberá asistir ao grupo que lle foi asignado polo sistema.